

**Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE  
AUGAS DE GALICIA  
Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico**

D. Antón Masa Vázquez, co DNI { } e enderezo a efectos de notificación no Apartado de Correos 414 (36080-Pontevedra), como Presidente da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) e no nome e representación da amentada asociación ecoloxista,

**EXPÓN:**

Que con data 11/11/2019 ten recibido a “Proposta de resolución de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas á Ría de Pontevedra procedentes da estación depuradora de augas residuais e emisario submarino de Praceres, localizados no lugar dos Praceres-Lourizán (T.M. Pontevedra)”, con CLAVE DH.V36.10059 e rexistro de saída 6472/RX 1635390 e no que esa Subdirección Xeral propón o outorgamento da amentada autorización de vertido baixo un certo condicionado.

Que, como entidade interesada no asunto, e pola incidencia negativa que o vertido que se propón autorizar podería ter sobre a calidade das augas de baño e de cultivos mariños, quere presentar, en tempo e forma, as seguintes

**ALEGACIÓNS**

1ª.- **De carácter xeral e previo.** Figuran entre os antecedentes da amentada proposta de resolución, as alegacións presentadas pola nosa Asociación durante o trámite de exposición pública do expediente de solicitude de autorización de vertido, alegacións que entendemos non foron consideradas coma deberan. Neste sentido, querémonos ratificar nos argumentos expresados naquelas alegacións, que damos aquí por reproducidas na súa integridade.

2ª.- **Sobre o confuso da proposta.** Debemos lembrar que, tanto no momento no que se publica no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o anuncio de información pública do expediente ao que nos estamos a referir, coma no momento actual, o único emisario submarino existente no emprazamento de Os Praceres e polo que saen á Ría as augas residuais urbanas procedentes da EDAR e da fábrica de ENCE, é o que verte os seus efluentes nas inmediacións da illa de Tambo.

Pois ben, baixo o título “Proposta de resolución de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas á Ría de Pontevedra procedentes da estación depuradora de augas residuais e emisario submarino de Praceres localizados no lugar dos Praceres-Lourizán (T.M. Pontevedra)”, preséntase unha proposta que resulta, como pouco, confusa. Con efecto, fálase de “actuacións” que, tal como se pode ver ao longo do texto e no condicionado final proposto, inclúen distintas fases de funcionamento da depuración das augas de vertido e distintas instalacións entre as que hai que considerar unha EDAR “existente”, un Emisario “existente”, unha EDAR “mellorada”, unha “nova” EDAR, e mesmo un “novo” emisario submarino. Estamos a falar dunha autorización de vertido ou de distintas autorizacións de vertido para distintas situacións e infraestruturas?

Trátase dun xeito de actuación por parte da Administración autonómica que consideramos cando menos irregular e que podería entrar en contradición con outras tramitacións que ou están nestes momentos na fase de licitación, pendentas de resposta ás alegacións formuladas no período de información pública ou ben atópanse en período de información pública, como ocorre no caso do proxecto de ampliación da depuradora.

En calquera caso, ratificámonos tamén nas argumentacións vertidas nas alegacións presentadas no seu día no referente ao proxecto de novo emisario submarino para as augas residuais urbanas procedentes da EDAR de Os Praceres, alegacións que tamén damos por reproducidas aquí.

3ª.- **Sobre o emisario submarino.** De acordo co recollido no apartado C do Informe Técnico da Área de Vertidos (páxina 34 da Proposta que nos ocupa), Augas de Galicia ten solicitado o vertido NA RÍA DE VIGO a través dun emisario submarino de augas residuais urbanas procedentes do saneamento dos Concellos de Pontevedra, Marín e a maior parte de Poio, así como unha parte do saneamento do Concello de Vilaboa que descarga en Pontevedra, tratadas na depuradora de augas residuais urbanas de Os Praceres. E esa Subdirección Xeral propón o se outorgamento para o que redacta un prego de condicións.

O máis probábel é que se trata dun erro, pero non se pode descartar que sexa esa a pretensión da Administración; non debemos esquecer que a Conselleira do Mar ten asegurado en distintas ocasións que “se modificará o punto final de vertido do novo emisario para evitar calquera posíbel afectación aos bancos marisqueiros e ás bateas”, nin que a empresa encargada de redactar o proxecto do novo emisario ten afirmado, en conversa con membros da asociación, que “tendo en conta a dificultade de conseguir os límites esixidos pola lexislación á saída da EDAR, convén levar o emisario canto máis lonxe se poida” para asegurar a mortalidade dos coliformes.

4ª.- **Sobre a calidade e control do vertido.** Chama a atención que se fixen límites para o vertido das augas residuais procedentes da EDAR “para cada unha das distintas fases” do plan de saneamento; e chama a atención porque -ao noso entender- este xeito de actuar, fixando distintos límites en función de cal sexa a situación da EDAR, é contraria á Lei.

Debemos lembrar aquí que a razón última que levou á Xunta de Galicia a acometer este Plan de Saneamento foi a sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo de marzo de 2016, que certifica que o Estado español incumpre de forma reiterada a Directiva 91/271/CEE (trasposta á lexislación española no Real Decreto Lei 11/1995 e no Real Decreto 509/1996 que o desenvolve) e que deu lugar a unha sanción de 12 millóns de euros en xullo de 2018 que vai incrementando noutros 10,95 millóns semestralmente desde aquela ata que se corrixa a situación.

A Directiva 91/271/CEE, establece uns límites de vertido que todas as aglomeracións urbanas de máis de 2.000 hab-eqs teñen que cumprir. Neste sentido, e de acordo coa Directiva, para que un vertido poida ser autorizado ten que estar convenientemente depurado e non debe ser causa de incumprimento das normas de calidade ambiental; é dicir, a EDAR de Os Praceres, sexa cal sexa a situación na que se atope, deberá cumprir as esixencias contempladas na amentada lexislación (e, no caso que nos ocupa, aquela establecida para vertidos en zonas sensíbeis e para máis de 100.000 hab-eq), pero tamén os límites establecidos na Lei 9/2010 de Augas de Galicia, e a lexislación relativa á calidade das augas de baño (a Directiva 2006/7/CEE, entre outras) e de cultivos mariños.

E así o sinala a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar no Informe emitido en resposta á solicitude por parte da Área de Vertidos:

*“O tratamento de depuración ao que serán sometidas as augas residuais, deberá garantir que se cumpran os parámetros da Directiva 91/271/CEE, sobre tratamento de augas residuais... Deberá terse en conta na liña de tratamento das augas residuais tanto urbanas como industriais, que o vertido se descarga nunha ría declarada zona sensible na que os requisitos do tratamento son máis esixentes”*

*“Deberán respectarse os límites establecidos para os parámetros regulados na Lei 9/2010 de Augas de Galicia que determina para as Rías de Galicia o réxime especial de protección da calidade das súas augas...”*

Para engadir logo:

*“...debido a que no medio receptor hai importantes zonas de produción de moluscos bivalvos e outro invertebrados mariños, a calidade das augas non se deberá ver alterada e deberán cumprir cos límites establecidos na Directiva 2006/113/CEE... e no Real Decreto 345/1993...”*

Pois ben, na táboa que presentamos de seguido, expoñemos -de forma comparada- os límites máximos que se propoñen para os parámetros que caracterizan á contaminación por materia orgánica (Demanda Biolóxica de Osíxeno, Demanda Química de Osíxeno e Sólidos en Suspensión), por nutrientes (Nitróxeno total e Fósforo total) e a contaminación bacteriolóxica (coliformes totais, coliformes fecais e estreptococos fecais) para cada unha das “fases” propostas para o “funcionamento do sistema de depuración”, e aqueles fixados na lexislación de aplicación para cada un destes parámetros.

PARÁMETRO	FASE 1	FASES 2 e 3	FASE 4	LEXISLACIÓN
<b>DBO (mg/L)</b>	223	25	25	25 (1)
<b>DQO (mg/L)</b>	418	125	125	125 (1)
<b>SS (mg/L)</b>	150	35	35	35 (1)
<b>NT (mg/L)</b>	68	25	10	10 (1)
<b>PT (mg/L)</b>	10	2	1	1 (1)
<b>Coliformes totais*</b>		50.000	50.000	500 (2)
<b>Coliformes fecais*</b>		10.000	10.000	100 (2)
<b>Estreptococos fecais*</b>		10.000	10.000	100 (2)

\* ufc/1000 mL

1) Directiva 91/271/CE para zonas sensíbeis

2) Lei 9/2010 de Augas de Galicia

Da simple observación da táboa, pódese deducir que só para a fase 4, que está previsto que poida estar operativa “a partir do 2º semestre do 2023”, se vai esixir o cumprimento da Directiva comunitaria de augas residuais urbanas, algo que consideramos absolutamente inaceptábel, e máis se temos en conta que hai xa moitos anos que estes límites foron esixencias para as augas de vertido depuradas procedentes da EDAR de Os Praceres. Pero é que, ademais, para a fase 1 e no que fai á contaminación bacteriolóxica, non se fixan límites, o que poderá supoñer un forte impacto na calidade das augas de baño e para cultivos mariños e no sector marisqueiro; non se debe esquecer que a nosa Ría ten no marisqueo a súa vocación natural.

A EDAR de Os Praceres tiña que ter cumprido todos estes límites desde hai moito tempo e, de acordo co proxecto presentado no seu día, as instalacións proxectadas e a tecnoloxía elixida para a EDAR, “garantían o cumprimento desta lexislación”, algo que resultou ser unha auténtica falacia!

Desde a APDR, denunciámos no seu día diante da UE o incumprimento da lexislación comunitaria na Ría de Pontevedra, un incumprimento que non só era responsabilidade da falta de depuración axeitada para as augas domésticas, senón tamén para as augas industriais vertidas polo emisorio e procedentes da fábrica de ENCE, augas que de acordo coa lexislación europea e española, teñen consideración de augas residuais urbanas. Finalmente, como xa indicamos, esta denuncia

deu lugar á condena do Tribunal Europeo que segue pesando sobre o Estado español e pola que seguiremos pagando en tanto non se solventa o problema. E estamos dispostas a denunciar de novo esta situación de ilegalidade diante da Unión Europea en tanto non se cumpran as esixencias legais. Non se debe esquecer, ademais, que as actuacións hidráulicas para a mellora do tratamento das augas residuais á Ría de Pontevedra están cofinanciadas pola Unión Europea ao través do programa FEDER.

5.- **Sobre a prohibición de cumprir a lexislación mediante dilución.** Queremos facer fincapé nesta alegación sobre un aspecto lexislativo de importancia capital e que moitas veces, e a pesar de ser recoñecido sempre sobre o papel, non se cumpre. A lexislación de aplicación ao vertido de augas residuais (entre elas a Lei 9/2010 de augas de Galicia) recolle con absoluta claridade que *“en ningún caso o cumprimento dos valores límite poderán alcanzarse mediante dilución no punto de toma de mostras”*. Neste sentido, e tal como se recolle nas condicións 6ª e 8ª da proposta de resolución, *“a toma de mostras deberase facer á saída das instalacións de depuración e antes da entrada no emisario submarino”*. E ten que ser así porque o emisario actúa, por si mesmo, como un dispositivo de dilución.

Pois ben, a proposta de resolución que estamos analizando, propón para as fases 2, 3 e 4 de funcionamento do sistema de depuración (como xa dixemos, para a fase 1 non fixa ningún) uns límites de contaminación bacteriolóxica moito máis elevados que os fixados na lexislación, e aspira a que se cumpran eses límites no medio receptor; estase a propoñer, ao noso entender de forma irresponsábel, tratar de cumprir a lexislación para augas de baño e cultivo de moluscos mediante dilución.

6.- **Sobre a separación das augas de ENCE do resto dos vertidos urbanos.** O plan proposto para o saneamento das augas da Ría, pasa pola instalación dun novo emisario submarino para as augas de orixe doméstica, deixando o actual emisario exclusivamente para as augas da fábrica de ENCE, un plan co que estamos radicalmente en desacordo. O actual emisario, como se admite no proxecto do novo, tivo unha afección moi importante sobre os polígonos de bateas de Portonovo e un forte impacto sobre o borde litoral da illa de Tambo, polo que manter os vertidos de ENCE saíndo á Ría no actual punto de vertido, afondaría nesta situación que debería rematar.

E non podemos concordar cos argumentos esgrimidos pola equipa redactora do proxecto, que se escuda en razóns técnicas para xustificar a decisión de separar ambos os dous vertidos. A falta de capacidade do emisario futuro para asumir o volume que vai chegar da futura EDAR xunto co procedente de ENCE preséntase como a principal dificultade para manter un único emisario. Neste sentido, deberíase ter en conta que ENCE tense comprometido coa Xunta de Galicia a reducir o volume do seu vertido, pasando dos 40.000 m<sup>3</sup> diarios actuais a 4.000 m<sup>3</sup>/día, o que sen dúbida faría máis doado o vertido conxunto e evitar seguir afectando á calidade das augas da Ría na zona actual de vertido.

Como queira que no seu día temos presentado alegacións ao proxecto de novo emisario e temos incidido neste particular, damos por reproducidos aquí os argumentos aportados daquela.

7.- **Sobre os prazos de finalización das obras.** De acordo cos prazos propostos para o remate das obras de saneamento (condición 9ª da resolución), a data prevista para a posta en marcha da EDAR definitiva para Os Praceres sitúase no horizonte do 1 de xaneiro de 2024, uns prazos que nos parecen excesivamente longos; pero, por se fose pouco, no caso de incumprirse os prazos, poderase solicitar unha prórroga. Suponse que terán que se xustificar as causas de calquera incumprimento dos prazos previstos, pero cremos que a Administración debera cubrirse as costas adoptando sancións económicas que impidan incumprimentos dos prazos inxustificadas.

8.- **Sobre a inspección do vertido.** Na condición 10ª dise que *“Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade do vertido para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización”*. Para a APDR, deberíase substituír “poderá” por “deberá”, xa que entendemos que se tería que establecer un número mínimo de inspeccións

anuais para garantir que non se volvesen repetir situacións que se teñen producido coa EDAR en anos precedentes.

En base ás alegacións presentadas,

**SOLICITA:**

Que, por presentadas estas alegacións, se teñan en consideración e, en base aos criterios e argumentos recollidos nelas, se considere a modificación do proxecto agora presentado.

Que, de non se considerar a solicitude formulada no parágrafo anterior, se teñan en consideración o resto das alegacións propostas modificando o proxecto presentado no sentido recollido nas mesmas.

E, para que conste, asina en Pontevedra a 24 de novembro de 2019